



Real colegio
**PADRES
ESCOLAPIOS**
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50
27400 Monforte de Lemos - Lugo
Tel.: 982 400 450 - 6260620 631
www.escolapiosmonforte.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



REGLAMENTO DO SERVICIO DE COMEDOR
REAL COLEGIO PADRES ESCOLAPIOS MONFORTE– 27007223

ELABORADO POR: Equipo Directivo	REVISADO POR: Equipo Directivo	APROBADO POR:	
		EQUIPO DIRECTIVO	CONSELLO ESCOLAR
DATA: decembro 2025	DATA: xaneiro 2026	DATA: 27-01-2026	DATA: 28-01-2026

Este documento é froito do traballo consensuado de todo o profesorado do centro. Estará a disposición das familias na web do Centro: [Colegio PADRES ESCOLAPIOS Monforte de Lemos – Colegio Padres Escolapios Monforte de Lemos](#)

Esta normativa forma parte do Plan de Convivencia de centro que ten carácter dinámico e realista polo tanto, inda que temos establecida a súa revisión de xeito anual, esta poderá facerse durante o curso sempre que sexa necesario.

ARTIGO 1. NATUREZA E ESTABLECEMENTO DO SERVIZO

1. O comedor escolar do Real Colexio Escolapios de Monforte é un servizo complementario de carácter educativo, establecido pola entidade titular do Centro como instrumento de apoio ás familias e de formación integral do alumnado.
2. O servizo ten carácter voluntario e a súa utilización por parte do alumnado implica a aceptación das normas recollidas no presente regulamento.

ARTIGO 2. OBXECTIVOS DO SERVIZO DE COMEDOR

O comedor escolar constitúe un servizo educativo complementario que contribúe ao desenvolvemento integral do alumnado, promovendo hábitos saudables, normas de convivencia e un uso adecuado do tempo libre, de acordo cos seguintes obxectivos:

2.1. Educación para a saúde

- a) Fomentar hábitos persoais de hixiene e alimentación equilibrada como base dunha correcta educación para a saúde.
- b) Promover hábitos alimentarios saudables axeitados á idade do alumnado.
- c) Aplicar as normas hixiénico-sanitarias traballadas no ámbito escolar, adquirindo rutinas de hixiene persoal antes, durante e despois das comidas.
- d) Concienciar e Implicar ás familias na educación nutricional e na continuidade dos hábitos saudables adquiridos no comedor escolar.

2.2. Educación para a convivencia

- a) Fomentar actitudes de respecto, tolerancia e convivencia positiva entre o alumnado usuario do servizo de comedor.
- b) Promover relacións baseadas no compañeirismo, a colaboración e a axuda mutua, respectando as diferenzas individuais.
- c) Desenvolver hábitos de comportamento axeitados nun espazo compartido, favorecendo o cumprimento das normas establecidas.
- d) Manter un comportamento axeitado durante as comidas, respectando as normas básicas de educación na mesa e favorecendo un clima de orde e tranquilidade.
- e) Garantir un ambiente tranquilo e respectuoso durante o tempo de comedor, evitando condutas disruptivas, berros ou ruídos excesivos.
- f) Fomentar o espírito de colaboración do alumnado mediante a participación, segundo as súas posibilidades, en tarefas sinxelas propias do servizo de comedor.
- g) Favorecer a resolución pacífica de conflitos mediante o diálogo e a mediación.
- h) Coidar e respectar as instalacións, o mobiliario e o material de uso común.

2.3. Educación para o lecer

- a) Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización adecuada do tempo libre.
- b) Planificar actividades de lecer que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade e fomenten a participación, o compañeirismo, o respecto e a tolerancia.
- c) Favorecer a participación do alumnado en actividades lúdicas estruturadas, promovendo un uso responsable e inclusivo do tempo libre.

ARTÍCULO 3. RÉGIMEN DE UTILIZACIÓN DEL COMEDOR.

1. A utilización do servizo complementario de comedor escolar implica a aceptación, por parte das persoas usuarias, do presente regulamento, así como das cotas aprobadas polo Consello Escolar do Centro para este servizo.
2. O servizo de comedor escolar iniciárase o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño, de acordo co calendario escolar aprobado anualmente pola administración educativa.
3. Poderá acollerse ao servizo de comedor escolar todo o alumnado matriculado no Centro que así o solicite.
4. O alumnado do Centro poderá utilizar o servizo de comedor nas seguintes modalidades:
 - a) **Uso continuado durante o curso escolar.**
A inscrición no servizo de comedor formalizarase durante o mes de setembro ou en calquera momento do curso, mediante un cuestionario en formato en liña, no que as familias deberán indicar os datos do alumno ou alumna, os días de utilización do servizo e, de ser o caso, a existencia de alerxias ou intolerancias alimentarias.
 - b) **Uso esporádico.**
O alumnado poderá facer uso ocasional do servizo de comedor previa solicitude. Para iso, será necesario adquirir o correspondente ticket en conserxaría o día anterior ou o propio día do servizo. Así mesmo, as familias deberán informar previamente ao titor ou titora a través da axenda escolar ou mediante comunicación escrita a través da plataforma Educamos.
O importe do servizo aboarase no momento da utilización ou cargarse a final de mes na conta bancaria facilitada pola familia.
5. O horario do servizo de comedor estenderase desde a finalización da xornada lectiva da mañá ata o inicio da xornada da tarde. No caso do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, o servizo finalizará entre as 14:50 e as 15:00 horas os días nos que non exista actividade lectiva pola tarde (martes, mércores, xoves e venres).
6. O servizo de comedor escolar ofrecerá un menú mensual único, coas únicas adaptacións previstas na normativa vixente en materia de comedores escolares, atendendo ás necesidades específicas de saúde debidamente acreditadas.
7. O servizo de comedor poderá ser prestado por unha empresa concesionaria, contratada e seleccionada pola titularidade do Centro conforme á normativa aplicable.
8. Os prezos do servizo de comedor escolar serán aprobados polo Consello Escolar do Centro, por proposta da Dirección.

ARTÍCULO 4. INSCRIPCIÓN, MODIFICACIÓN Y BAJAS Y COBRO DEL SERVICIO

1. Inscrición no servizo

O alumnado que desexe utilizar o servizo de comedor escolar con carácter continuado ao longo do curso deberá formalizar a súa inscrición mediante o formulario que se facilite para tal efecto, dentro do prazo establecido polo Centro.

Xunto coa inscrición proporcionarase ás familias a información relativa aos horarios do servizo e cantos datos complementarios resulten de interese.

2. Modificacións e baixas

As modificacións ou baixas na utilización do servizo de comedor deberán comunicarse á Administración do Centro antes do día 30 do mes anterior a aquel no que deban producir efectos. En caso contrario, aboarase integramente a cota correspondente ao mes seguinte.

As comunicacións de modificación ou baixa formalizaranse a través do enderezo de correo electrónico **administracion.monforte@escolapiosbetania.es**, indicando o nome e o curso do alumno ou alumna, ou mediante comunicación telefónica coa Administración do Centro.

3. Suspensión temporal do uso do servizo por razóns sanitarias

O alumnado deberá absterse de utilizar o servizo de comedor escolar cando padeza enfermidades de carácter contaxioso que poidan supoñer risco para o resto de persoas usuarias (varicela, gripe, hepatite A, entre outras).

4. Cobro do servizo

O servizo de comedor cobrarase por mensualidades, que se pasarán ao cobro nos primeiros dez días de cada mes, mediante recibo domiciliado ou mediante pagamento directo en ventanilla, segundo a modalidade elixida pola familia.

ARTIGO 5. DEREITOS E OBRIGAS DAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO USUARIO

1. Obrigas das nais, pais ou titores legais

As nais, pais ou titores legais do alumnado usuario do servizo de comedor escolar teñen as seguintes obrigas:

- a) Colaborar no adecuado cumprimento das normas establecidas, respectando o presente regulamento.
- b) Fomentar nos seus fillos ou fillas actitudes de colaboración, solidariedade e convivencia positiva.
- c) Estar ao corrente do pagamento das cotas do servizo e efectuar os aboamentos mediante o sistema establecido pola titularidade do Centro.
- d) Recoller con puntualidade os seus fillos ou fillas ao remate do servizo de comedor.
- e) Comunicar ao Centro, por escrito, a existencia de posibles alerxias alimentarias, intolerancias, dietas especiais por razóns de saúde ou calquera outra circunstancia que poida afectar á correcta prestación do servizo.
- f) Comunicar con antelación suficiente as asistencias ao comedor no caso de uso esporádico, así como as inasistencias no caso de utilización habitual do servizo.

g) Aportar roupa de recambio para o alumnado de Educación Infantil que faga uso do servizo de comedor.

2. Dereitos das nais, pais ou titores legais

As nais, pais ou titores legais do alumnado usuario do servizo de comedor escolar teñen dereito a:

- a) Coñecer con suficiente antelación os menús que se servirán no comedor escolar.
- b) Formular suxestións ou reclamacións relacionadas co funcionamento do servizo a través das canles establecidas polo Centro, as cales serán atendidas polo Equipo Directivo coa finalidade de procurar a súa adecuada resolución.
- c) Recibir información sobre o funcionamento xeral do servizo de comedor e as normas que o regulan.
- d) Recibir resposta ás suxestións ou reclamacións presentadas a través das canles establecidas polo Centro.

ARTIGO 6. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO DE COMEDOR

Con carácter xeral, o funcionamento do comedor escolar e as condutas do alumnado usuario rexeranse pola mesma normativa aplicable ao resto das actividades do Centro, polo **Regulamento de Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC)** e polo **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se establece o marco regulador da convivencia nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.1. Dereitos do alumnado usuario do comedor escolar

O alumnado usuario do servizo de comedor escolar ten dereito a:

- a) Recibir o menú escolar nas condicións establecidas no presente regulamento.
- b) Ser atendido e supervisado polo persoal responsable do servizo (monitores/as ou profesorado) desde a finalización da xornada lectiva da mañá ata o inicio da xornada lectiva da tarde.

6.2. Deberes do alumnado usuario do comedor escolar

O alumnado usuario do servizo de comedor escolar deberá:

- a) Manter unha conduta correcta e respectuosa, tanto co resto das persoas usuarias como co persoal do servizo, seguindo as indicacións dos monitores ou monitoras.
- b) Respetar as normas básicas de convivencia, observando un comportamento axeitado durante as comidas e facendo un uso responsable das instalacións e do material do comedor.
- c) Non abandonar o recinto escolar durante o tempo comprendido entre a finalización das clases da mañá e o inicio das clases da tarde, agás autorización expresa e por escrito das nais, pais ou titores legais.

6.3. Regras de comportamento no comedor escolar

- a) O tempo da comida desenvolverase nun clima de orde e tranquilidade. As conversas manteranse nun ton adecuado, evitando berros, insultos ou condutas que alteren a convivencia.

- b) O alumnado de Educación Infantil será atendido e axudado polo persoal monitor no servizo da comida. O alumnado a partir de 1º de Educación Primaria recollerá a súa bandexa e, unha vez finalizada a comida, devolveraa xunto cos utensilios empregados, deixando o seu espazo limpo, ordenado e coa cadeira colocada correctamente, segundo as indicacións do persoal do comedor.
- c) O alumnado a partir de 5º curso de Educación Primaria colaborará, segundo as indicacións recibidas, no orde e recollida da súa mesa.
- d) Manterase unha conduta correcta na mesa, evitando manipular os alimentos coas mans ou tiralos ao chan.
- e) O alumnado deberá mostrar unha actitude de respecto cara á comida servida, probando os distintos pratos e permanecendo sentado ata que se indique o remate da comida polo persoal responsable.
- f) Non se tirarán restos de comida sen a supervisión previa do persoal monitor encargado.
- g) Non está permitido sacar alimentos do comedor nin preparar bocadillos ou similares cos produtos servidos no mesmo.
- h) O alumnado tratará con corrección e respecto ao persoal do comedor e ás demais persoas usuarias do servizo.
- i) Respectaranse as normas básicas de hixiene, especialmente o lavado de mans antes de iniciar a comida.
- j) O alumnado deberá coidar as instalacións, o material e os utensilios do comedor, así como o resto das dependencias do Centro.

ARTIGO 7. MENÚ OFERTADOS NO COMEDOR ESCOLAR

1-O servizo de comedor escolar ofrecerá un menú único para todo o alumnado usuario do servizo. A existencia deste menú único será comunicada ás familias no momento da inscrición no comedor escolar.

2-Os menús ofertados serán equilibrados e adecuados ás necesidades nutricionais do alumnado, atendendo á súa idade, e elaboraranse ou supervisaranse conforme á normativa vixente en materia de comedores escolares.

3-O Centro informará ás familias, ao inicio de cada mes, do menú correspondente ao mes seguinte, que será publicado na páxina web do colexio e nas plataformas habituais de comunicación.

4-As excepcións ao menú único axustaranse ao establecido na normativa vixente. As situacións de alerxia, intolerancia alimentaria ou necesidades dietéticas especiais deberán ser comunicadas ao centro e acreditadas mediante informe ou certificación médica.

5-O menú poderá sufrir modificacións puntuais por causas xustificadas, que serán comunicadas ás familias sempre que sexa posible.

ARTIGO 8. ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN NO COMEDOR ESCOLAR

A administración de medicación ao alumnado durante o tempo de comedor rexerese polas mesmas normas establecidas para o conxunto das actividades do Centro.

Con carácter xeral, o persoal do comedor non administrará medicación ao alumnado. Nos casos en que sexa necesario, corresponderá ás nais, pais ou titores legais acudir ao Centro para a administración da medicación durante o horario do servizo.

ARTIGO 9. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS NO COMEDOR ESCOLAR

1. Considéranse **condutas contrarias á convivencia** no comedor escolar aquelas que supoñan o incumprimento das normas establecidas no presente regulamento, no Regulamento de Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC) e no **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se regula a convivencia nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Tipificación das condutas

2.1 Condutas leves

Teñen a consideración de condutas leves, entre outras:

- a) Non seguir de forma puntual as indicacións do persoal monitor.
- b) Acceder ou saír do comedor de maneira desordenada.
- c) Cambiar de mesa sen autorización.
- d) Erguerse do sitio sen causa xustificada.
- e) Xerar ruídos, falar en voz elevada ou berrar.
- f) Acceder ao comedor con obxectos non permitidos.
- g) Faltar levemente ao respecto a outros membros da comunidade educativa.
- h) Sacar alimentos ou utensilios do comedor sen autorización.
- i) Calquera outra conduta que altere levemente a convivencia, o respecto ou o bo funcionamento do servizo.

2.2 Condutas graves

Considéranse condutas graves, entre outras:

- a) Desatender de maneira reiterada ou grave as indicacións do persoal monitor.
- b) Incumprir de forma reiterada os horarios do servizo de comedor.
- c) Abandonar o comedor sen autorización.
- d) Acceder a espazos non permitidos, como a cociña.
- e) Faltar ao respecto a profesorado, monitores/as, persoal de cociña ou a outros alumnos/as.
- f) Deteriorar intencionadamente o material ou os espazos do comedor.
- g) Tirar comida de forma intencionada ao chan ou a outras persoas.
- h) Actos de indisciplina que perturben gravemente o normal desenvolvemento do servizo.

- i) A reiteración de catro condutas leves.
- j) Calquera outra conduta que afecte gravemente á convivencia, á integridade ou á saúde das persoas.

2.3 Condutas moi graves

Teñen a consideración de condutas moi graves:

- a) Abandonar o recinto escolar durante o horario de comedor sen autorización expresa.
- b) Deteriorar de forma intencionada e grave as instalacións do Centro ou o material do comedor.
- c) Realizar actuacións que poidan prexudicar gravemente a saúde propia ou allea.
- d) Agresións físicas ou psicolóxicas graves a calquera membro da comunidade educativa.
- e) O incumprimento reiterado das medidas correctoras impostas por condutas graves.
- f) A comisión de dúas ou máis condutas graves nun período de trinta días naturais.

3. Medidas correctoras

As medidas correctoras terán sempre **carácter educativo e proporcional**, e aplicaranse de acordo co establecido no NOFC e no Decreto 8/2015.

3.1) Ante condutas leves

- a) Amonestación verbal.
- b) Cambio temporal de mesa ou grupo de referencia.
- c) Realización de tarefas educativas relacionadas coa conduta cometida.
- d) Privación parcial do tempo de lecer posterior á comida.

Estas medidas poderán ser aplicadas polo persoal responsable do comedor.

3.2 Ante condutas graves

- a) Calquera das medidas previstas para as condutas leves.
- b) Amonestación por escrito, con comunicación ás nais, pais ou titores legais.
- c) Cambio permanente de mesa ou grupo de referencia.
- d) Separación temporal do servizo de comedor por un período máximo de cinco días lectivos.
- e) Reparación dos danos causados.

Estas medidas aplicaranse pola persoa responsable do comedor, en coordinación co Equipo Directivo.

3.3 Ante condutas moi graves

- a) Calquera das medidas previstas para as condutas graves.
- b) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao comedor por un período de seis días ata un mes.
- c) Perda definitiva do dereito de utilización do servizo de comedor.

A imposición destas medidas corresponderá ao Equipo Directivo do Centro, previa audiencia ás nais, pais ou titores legais do alumnado.

ARTIGO 10. PROCEDIMENTO DE IMPOSICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

As actuacións derivadas do incumprimento das normas do comedor escolar terán sempre carácter educativo e denominaranse **medidas correctoras**, de acordo coa normativa vixente.

10.1. Disposicións xerais

- a) As medidas correctoras terán carácter educativo, preventivo e reparador.
- b) En ningún caso as medidas aplicadas ao alumnado poderán prexudicar o dereito á escolarización, nin implicarán a privación da ración completa de comida establecida no menú, nin a exclusión doutras actividades lectivas ou extraescolares.
- c) Non se poderán impoñer medidas contrarias á integridade física nin á dignidade persoal do alumnado.
- d) A aplicación das medidas correctoras respectará en todo momento o principio de proporcionalidade en relación coa conduta cometida.
- e) No procedemento de aplicación das medidas correctoras teranse en conta a idade do alumnado e as súas circunstancias persoais, familiares ou sociais, tanto para determinar a procedencia da medida como para graduar a súa aplicación.

10.2. Imposición das medidas correctoras

a) Condutas leves

A aplicación das medidas correctoras previstas para as condutas leves non requirirá a tramitación dun procedemento formal.

Estas medidas serán aplicadas polo persoal responsable do comedor e comunicadas ao titor ou titora do alumnado. A comunicación ás nais, pais ou titores legais realizarase cando se considere necesario en función da relevancia da conduta, a través das canles habituais do Centro.

b) Condutas graves

A imposición das medidas correctoras previstas para as condutas graves, cando non consistan unicamente nas medidas aplicables ás condutas leves, requirirá a

comunicación previa ao Equipo Directivo e a información ás nais, pais ou titores legais do alumnado afectado.

No caso de suspensión temporal do servizo de comedor, a comunicación á familia realizarase con carácter previo á efectividade da medida. Así mesmo, informarase ao titor ou titora do alumnado.

c) Condutas moi graves

Para a imposición das medidas correctoras correspondentes ás condutas moi graves seguirase o seguinte procedemento:

I. Comunicada a infracción ao titor ou titora e ao Equipo Directivo, este valorará os feitos tras escoitar o alumnado implicado, así como as demais partes afectadas.

II. Comunicarase por escrito ás nais, pais ou titores legais a descrición dos feitos, a conduta imputada e a medida correctora proposta, concedendo un prazo máximo de dous días lectivos para a presentación das alegacións que estimen oportunas.

III. A Dirección do Centro resolverá e comunicará por escrito a decisión adoptada no prazo máximo de dous días lectivos desde a finalización do prazo de alegacións.

IV. Ata a resolución definitiva, poderán adoptarse medidas provisionais que garantan o adecuado funcionamento do servizo de comedor e a convivencia.

V. A Dirección poderá delegar nun membro do Equipo Directivo a competencia para a imposición das medidas correctoras previstas no presente regulamento.

10.3. Rexistro das incidencias

Todas as incidencias producidas no servizo de comedor serán rexistradas na plataforma Educamos.

O profesorado con responsabilidade durante o tempo de comedor poderá deixar constancia das incidencias observadas.

Cando se determine que unha conduta ten carácter grave ou moi grave, aplicarase o procedemento xeral establecido no Centro educativo. As persoas responsables do servizo de comedor serán informadas das medidas correctoras que impliquen actuacións durante o tempo de comedor.

10.4. Prescrición das incidencias

As incidencias rexistradas e as medidas correctoras asociadas prescribirán ao remate do curso escolar no que se produciron.

ARTIGO 11. ACTUACIÓNS ANTE O IMPAGO DAS COTAS DO SERVIZO DE COMEDOR

1. Cando a forma de pagamento do servizo de comedor sexa mediante domiciliación bancaria e se produza a devolución dun recibo, a Administración do Centro comunicarallo ás nais, pais ou titores legais do alumnado, para que procedan ao seu aboamento no prazo máximo de **sete días naturais** desde a comunicación. Os posibles

gastos derivados da devolución do recibo serán asumidos polas persoas obrigadas ao seu pagamento.

2.No caso de que o pagamento do servizo se realice en efectivo e non se efectúe dentro do prazo establecido, a Administración do Centro informará ás nais, pais ou titores legais para que procedan ao aboamento da cota correspondente no prazo máximo de **sete días naturais**.

3.En calquera dos supostos anteriores, advertirase ás persoas responsables do pagamento de que, de non efectuarse o aboamento no prazo indicado, procederase á **baixa do alumnado no servizo de comedor**.

4.Agás que concorran causas debidamente xustificadas que motiven o atraso no pagamento, o impago dunha cota será causa de baixa no servizo de comedor unha vez transcorridos **sete días naturais** desde a comunicación do impago.

5.O alumnado que sexa dado de baixa no servizo de comedor por impago poderá solicitar de novo a súa incorporación unha vez satisfeitas na súa totalidade as cantidades pendentes de aboamento.

6.Non poderá facer uso do servizo de comedor o alumnado que, no momento de inicio da súa utilización, teña pendentes de pagamento cotas correspondentes ao curso ou cursos anteriores.

7.As comunicacións relacionadas cos impagos realizaranse por escrito a través das canles habituais de comunicación do centro.

8.O centro poderá valorar, con carácter excepcional, situacións sociofamiliares debidamente xustificadas que motiven o atraso no pagamento das cotas do servizo.

ARTIGO 12. DEVOLUCIÓN TOTAL OU PARCIAL DAS COTAS DO SERVIZO DE COMEDOR

1.As altas e baixas no servizo de comedor formalizaranse de acordo co establecido no **artigo 4** do presente regulamento. Cando a comunicación da baixa voluntaria se produza unha vez iniciado o mes no que se deixa de utilizar o servizo, as cotas correspondentes a ese mes **non serán devoltas en ningún caso**.

2.As baixas temporais no servizo de comedor motivadas por ausencia do alumnado por enfermidade, participación en actividades escolares ou complementarias organizadas polo propio Centro, ou por calquera outra causa debidamente xustificada, deberán ser comunicadas **por escrito e con carácter previo** ao cesamento da utilización do servizo, achegando, cando proceda, a correspondente **xustificación documental**.

Nestes supostos, non se devengarán cotas polo servizo de comedor a partir do día seguinte á data de efectividade da baixa temporal ou, de producirse a ausencia con anterioridade á comunicación, a partir do día seguinte á data na que esta se realice por escrito.

3.As cotas correspondentes ao período da baixa temporal poderán ser **devoltas ou compensadas**, segundo proceda, no último recibo do curso escolar ou no recibo correspondente ao mes no que se produza a comunicación da baixa temporal.

A devolución ou compensación realizarase, con carácter xeral, **mediante o mesmo medio de pagamento empregado pola familia**, salvo indicación expresa en contrario.

En ningún caso as ausencias iguais ou inferiores a **cinco días lectivos** darán dereito á devolución de cantidade ningunha.

4. Non procederá a devolución das cotas xa abonadas cando a suspensión do servizo de comedor derive da aplicación dunha medida correctora imposta como consecuencia da comisión dunha infracción prevista no presente regulamento ou no Regulamento de Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

Do mesmo xeito, mentres se manteña a suspensión por sanción —agás no suposto de expulsión definitiva do servizo—, as cotas seguirán devengándose na súa totalidade.

5. Con carácter excepcional, o Centro poderá valorar situacións de **forza maior ou circunstancias sociofamiliares debidamente acreditadas** que motiven a imposibilidade de cumprimento do previsto nos puntos anteriores, adoptando as medidas que se consideren oportunas.

ARTIGO 13. UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR POLO PERSOAL DO CENTRO

O persoal do Centro poderá facer uso do servizo de comedor escolar **cando así o permita** o Convenio Colectivo de aplicación e nas condicións que este estableza, así como conforme á normativa interna do Centro que resulte de aplicación.

ARTIGO 14. APROBACIÓN, DIFUSIÓN E ENTRADA EN VIGOR DO PRESENTE REGULAMENTO

1. O presente regulamento foi aprobado polo Equipo Directivo e polo Consello Escolar do Centro, por proposta da Dirección.

2. O regulamento será dado a coñecer á Comunidade Educativa a través das canles habituais de información do Centro.